

Con esta ponencia pretendemos situar os principais aspectos da opresión da muller co fin de resaltar a importancia que pra CC.OO. ten a comprensión do problema en toda a súa pro/fundidade.

A CC.OO. correspóndelle por unha banda que as suax propias mulleres afiliadas ~~XXX~~ vaian tendo concencia mais crara da súa opresión e por outra, conquistar que o conxunto do sindicato, homes e mulleres, asuman de forma real os principais aspectos da loita de libaración da muller, pois forma parte da loita de liberación de tódolos oprimidos, da loita contra todo tipo de explotación.

Existe na sociedade unha división de funcións que recaen nun ou outro sexo. Nam mentras ó neno educaselle pra que se incorpore ó traballo productiva e que no intre de casar sexa o soporte economido da familia... á nena educaselle pra que se faga - cargo das tarefas domésticas e pra casar cun home do cal dependerá tanto económica - como ideolóxicamente ó quedar arredada entre as 4 paredes da súa casa. Non se agardará dela que sexa independente, nin que teña unha profesión que lle permita vivir, en todo caso instruiraselle pra facer algún traballo femenino pra axudar economicamente na casa até que case:

Esta educación que condiciona tanto o neno como a nena, daselle ademais dentro do marco xerarquizado da familia, no que o pai representa a autoridade e o poder, mentras que a nai é administradora e que ha de crear un clima agradable e de ben estar entre os membros que a compoñen, reproducindo a forza de traballo e a ideoloxía dominante.

Por outra banda a muller que saie fora da casa a traballar ten unha dobre xornada o traballo que fai fora da casa e as tarefas domésticas chegando a traballar 70 e 80 horas semanais; esto trae como consecuencia que estemos marxinaos por falla de tempo, de toda actividade política e sindical.

A nosa situación laboural tamén é discriminatoria, relegandosenos a traballos considerados especificamente femeninos.

Un millón de mulleres traballan como empregadas do hogar, Na sanidade ó 60% dos traballadores son mulleres. No ensino o 58%. No textil o 55%. En actividades diversas o 38% e no metal o 13%.

Ademas o salario das mulleres representa como media o 60% do salario masculino.

Existen ademais prás mulleres unha serie de traballos prohibidos que o único que requiren son coñecementos técnicos, que por outra banda negánsenos, posto que non temos acceso a unha "formación profesional" (existen en todo Estado duas universidades laborales de mulleres e 15 de homes, nas escolas de formación profesional de cada 9 alumnos, 1 é muller). Estas "falsas proteccións" traen como consecuencia que estemos relegadas a traballadores de 2ª categoría.

As mulleres somós unha forza de traballo de reserva. Cando hai traballo e necesítan de nos, animannos a traballar con salarios mais baixos que os do home. Cando surden problemas de paro (act almente por exemplo) o paro femenino contrólase e encúbrese (7 millóns de mulleres perderon os seus postos de traballo na recente recesión económica mundial según a O.I.T.).

Esta situación está sancionada polas leis laborales, cotizando exactamente igual á Seguridade Social que os homes. o noso marido e fillos, non teñen dereito a pensión de viudedade e orfandade, no caso da nosa morte. Ademais, as leis penales e civís, establecen que a muller está subordinada ó home no traballo, na familia, no matrimonio, etc.

Todos estes exemplos e moitos mais demostran que a explotación da muller traballadora, é soa unha parte da opresión específica das mullers nesta sociedade, polo que podemos que a nosa loita pódase quedar marxinaada da loita global das mulleres pola súa liberación.

Está claro que as mulleres temos que aumentar a nosa conciencia, porque é evidente que si as propias mulleres q non nos movemos polas nosas reivindicación non se vai mover ninguen, polo que temos que ser nós as que fundamentalmentenos responsabilicemos pra que se de un cambio no anteriormente esposto.

É necesario que no seo do sindicato e a través da Secretaria de Muller, haxa liberdadeq pra que as mulleres podamos xuntarnos pra estudar a nosa problemática de cara a unha maior concenciación e fomentar ademáis a solidaridade dós homes pola nosa causa.

Asemade consideramos que a tarefa de promoción das mulleres ós postos de responsabilidade do S.N. CC.OO. de Galicia non debe limitarse ó traballo específico como muller, sinón que temos que concebila e entendela de xeito mais amplo, de xeito que se poñan os medios necesarios pra asegurar a presenza das mulleres nos orgaismos e postos de responsabilidade, basandose en cualidades dirixentes e combativas como -- loitadoras obreiras. O importante está en buscar unha distribución de esforzos entre as tarefas xerais do Sindicato e as específicas das mulleres.